

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 25 DE SETEMBRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón que cese Nieves Domínguez González como xerente do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto polo que se nomea xerente do Servizo Galego de Saúde a Antonio Fernández-Campa García-Bernardo.
- Decreto polo que se dispón que cese Antonio Fernández-Campa García-Bernardo como secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade a Josefina Monteagudo Romero.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se dispón que cese Odilo Martiñá Rodríguez como director xeral de Traballo e Economía Social.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de Decreto polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.



- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento da Cátedra Institucional de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago de Compostela (USC), por importe de sesenta mil euros (60.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, polo procedemento de diálogo competitivo, do servizo de xestión de mobilidade do transporte público regular de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER GALICIA 2007-1013, por un orzamento de licitación de dous millóns douscentos sesenta mil euros (2.260.000,00 euros), e un valor estimado de tres millóns setecentos vinte e dous mil trescentos nove euros con vinte céntimos (3.722.309,20 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Fisterra para a execución da obra: "Rede separativa no Sardiñeiro. Fisterra (A Coruña)", clave OH.315.1024, por importe de douscentos dez mil seiscentos cincuenta euros con noventa e dous céntimos (210.650,92 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o documento preliminar do Plan de conservación do monumento natural da praia das Catedrais (Ribadeo-Lugo).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre centro de saúde de Barbabás (Ourense).
- Informe sobre programa piloto de cribado de Diabete mellitus en oficinas de farmacia.



SANIDADE NOMEA A ANTONIO FERNÁNDEZ-CAMPA GARCÍA-BERNARDO NOVO XERENTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- ***Substitúe a Nieves Domínguez, que cesa a petición propia***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Antonio Fernández-Campa García-Bernardo como novo xerente do Servizo Galego de Saúde. Antonio Fernández-Campa substitúe neste cargo a Nieves Domínguez, cuxo cese a petición propia foi tamén aprobado hoxe no Consello.

Antonio Fernández-Campa é licenciado en Dereito pola Universidade de Oviedo e ten un *Master en Economía de la Salud* da *Escuela Nacional de Sanidad*. Dende xaneiro de 2012 ata a actualidade viña exercendo o cargo de secretario xeral da Consellería de Sanidade.

Anteriormente, entre 2009 e 2012, ostentara a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo. Dende marzo de 1991 ata 2009, ocupou diversos cargos na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde, entre eles a Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.

Antonio Fernández-Campa é funcionario do *Cuerpo Superior de Intervención y Contabilidad de la Administración de la Seguridad Social*.



SANIDADE NOMEA A JOSEFINA MONTEAGUDO ROMERO NOVA SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

- ***Substitúe a Antonio Fernández-Campa García-Bernardo, novo xerente do Servizo Galego de Saúde***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Josefina Monteagudo Romero como nova secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade. Josefina Monteagudo substitúe neste cargo a Antonio Fernández-Campa, que foi nomeado xerente do Servizo Galego de Saúde, tamén no Consello de hoxe.

Josefina Monteagudo Romero é licenciada en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela e dende 2009 ata a actualidade viña exercendo o cargo de xefa do Gabinete da Consellería de Sanidade, posto que desempeñou tamén entre os anos 2004 e 2005. Anteriormente, exerceu como asesora da Secretaría Xeral de Sanidade, no Ministerio de Sanidade e Consumo.

Josefina Monteagudo é funcionaria do Corpo Superior de Saúde e Administración Sanitaria.



A XUNTA APROBOU HOXE REMITIR AO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A DECLARACIÓN DE FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

- ***O novo texto inclúe novidades relacionadas cos requisitos de obrigado cumprimento e os criterios de valoración non excluíntes; coa antigüidade mínima que se eleva aos 20 anos; e co procedemento, que só se poderá iniciar a instancia das entidades interesadas logo de consulta ao concello onde se celebre***

O Consello da Xunta aprobou hoxe remitir ao Consello Consultivo de Galicia o proxecto de decreto polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia recolle no título VII referente á promoción e fomento do turismo un capítulo específico sobre as medidas de promoción e fomento no que se inclúe o artigo 93, que prevé a declaración de festas de interese turístico de Galicia e que sinala que a declaración se fará segundo se determine regulamentariamente.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, valora positivamente as manifestacións de exaltación de tradicións, cultura, gastronomía, etnografía e calquera elemento que contribúa á mellorar a oferta lúdico-promocional de turismo de Galicia como os eventos deportivos, xa que son unha demostración da acollida, amabilidade e hospitalidade da que Galicia é recoñecida no mundo.

Esta declaración estaba regulamentada no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaracións de festas de Galicia de interese turístico.

Este novo decreto recolle o espírito da norma anterior, vinculando as Festas de Interese Turístico ás manifestacións populares de carácter cultural como instrumento de promoción turística; e mellora a calidade destas mediante unha regulación máis exixente, incrementando a antigüidade mínima para acreditar o enraizamento da festa e incorporando novos requisitos e criterios de valoración coa finalidade de conceder ás declaracións un recoñecemento e prestixio que se corresponda coa importancia da distinción de Festa de interese turístico máis acorde cos tempos actuais.

A Administración turística da Xunta de Galicia entende que se debe establecer un marco normativo que regule e recoñeza os esforzos públicos e privados para celebrar eventos que constitúan un fortalecemento da nosa cultura como país, que sirvan de reclamo turístico e transmitan os valores e sensibilidades do pobo galego.



O outorgamento desta distinción pretende servir de estímulo para a constante mellora de cada sucesiva edición deste evento polo que a Administración turística da Xunta de Galicia terá en consideración estes eventos tanto na planificación como nas súas accións promocionais.

Este decreto vén desenvolver a previsión legal, concretando os requisitos que se deben cumprir para optar á declaración de festa de interese turístico de Galicia, os seus efectos, así como o procedemento para a declaración, a súa vixencia e a perda da condición de festa de interese turístico de Galicia.

O dito proxecto de decreto estrutúrase en 21 artigos, organizados en catro capítulos, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras; complétase cun Anexo relativo ao procedemento para a solicitude de declaración de festa de interese turístico.

O capítulo I das disposicións xerais regula o obxecto, concepto e ámbito de aplicación. O capítulo II dos requisitos, efectos e vixencia da declaración, establece os requisitos en función dos cales se efectuará a declaración de festa de interese turístico de Galicia, entre os que se recollen a antigüidade, a singularidade, o arraigamento así como das actividades promocionais que desenvolvan, previstos no artigo 93 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, así como o valor cultural e a continuidade no tempo. O capítulo III regula o procedemento para a declaración de festa de interese turístico de Galicia, especificando quen pode formular as solicitudes, así como outras cuestións de carácter competencial e procedemental. Finalmente, o capítulo IV regula o procedemento de perda da condición de festa de interese turístico de Galicia, cando deixen de concorrer as características e circunstancias nas cales se baseou o outorgamento.

A disposición transitoria primeira dispón que as festas declaradas de interese turístico de Galicia manterán a súa declaración en tanto en canto cumpran cos requisitos deste decreto, coa excepción da antigüidade que non se exixirá. Pola súa parte, a disposición transitoria segunda establece un prazo de 3 meses desde a entrada en vigor para que, nos procedementos de declaración de festas de interese turístico xa iniciados, os que promovan a súa solicitude acrediten que reúnen os requisitos exixidos polo presente decreto para a obtención da declaración de festa de interese turístico de Galicia.

Principais novidades

Este proxecto de decreto engade aos requisitos da declaración de festas de Galicia de interese turístico de obrigado cumprimento -antigüidade, singularidade, arraigamento e valor cultural- dous novos: a realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas e a continuidade no



tempo -entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa unha festa cunha cadencia fixa que supere este prazo-.

Ademais, en relación ao requisito da antigüidade elévase a 20 anos a antigüidade mínima, que estaba establecida actualmente en 10 anos. A posibilidade de dispensa tamén se restrinxe ao exixirse unha antigüidade mínima de 15 anos, limitando a discrecionalidade do órgano competente.

O dito proxecto de decreto recolle tamén os criterios de valoración non excluíntes que se terán en conta á hora de conceder a distinción. Entre os criterios que se establecen salientase o da estética da festa valorándose a posta en escena da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e a infraestrutura onde se celebren e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento.

Os outros criterios de valoración que se recollen son: a facilidade de acceso, aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares, o adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, a calidade dos actos que configuren a celebración, a creatividade e a innovación na celebración do evento, o nivel de dotación de infraestruturas e os equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes, a afluencia de visitante e a coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa.

En canto ao procedemento, outra das novidades salientables son os informes que emitiran, por unha banda, as consellerías ou órganos da Administración xeral da Xunta de Galicia e, por outra, o Consello de Turismo de Galicia. O novo proxecto de decreto determina que, unha vez examinada a solicitude e a documentación preceptiva achegada, a Dirección de Competitividade remitirá unha copia tanto da solicitude como da documentación, ás consellerías ou órganos da Administración xeral da Xunta de Galicia que teñan competencias relacionadas coa manifestación sobre a que recaía o procedemento de declaración. Así mesmo, trasladará o expediente ao Consello do Turismo de Galicia para os efectos de que emita informe sobre a procedencia da solicitude de declaración de festa de interese turístico de Galicia. O informe deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración. Ambos informes terán carácter preceptivo e non vinculante.



TURISMO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO ASINARÁN UN CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL DE HIDROLOXÍA MÉDICA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre ambas administracións enmarcado e cumprindo as directrices do Plan de turismo termal***
- ***O acordo ten por obxectivo promover actividades académicas que redunden na difusión, o coñecemento e a práctica da hidroloxía médica e que contribúan á reflexión e ao debate médico entre profesores e médicos de balnearios.***
- ***Este convenio permitirá tamén a promoción e a difusión da investigación neste campo***

Turismo de Galicia e mais a Universidade de Santiago de Compostela asinarán un convenio de colaboración plurianual, enmarcado e cumprindo as directrices do Plan de turismo termal, para o desenvolvemento da Cátedra Institucional de Hidroloxía Médica . Así, o Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscripción do dito convenio que terá un importe total de 60.000 euros.

O obxecto do convenio é regular as bases de colaboración entre Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o axeitado desenvolvemento das actividades da cátedra institucional en hidroloxía médica.

Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago levarán a cabo a través deste acordo cursos, seminarios, conferencias e outras actividades académicas que redundan na difusión, o coñecemento e a práctica da Hidroloxía Médica permitindo aos alumnos obter uns coñecementos básicos sobre as características das augas mineiro-medicinais e as súas aplicacións terapéuticas.

Ademais, promoverá a organización de actividades académicas que contribúan á facilitar a reflexión e o debate médico entre profesores e médicos de balnearios, co fin de acadar o seu mutuo enriquecemento intelectual e a mellora da súa formación médica e universitaria.

Así mesmo, este convenio permitirá a promoción da investigación no campo da hidroloxía médica e favorecerá a difusión e o coñecemento das investigacións realizadas mediante publicacións e outras accións de comunicación.

A dita colaboración entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 30 de setembro do ano 2015.



O importe do convenio ascende a 60.000 euros, que serán financiados por Turismo de Galicia con cargo á aplicación 04.A2.761A.744.0, "Convenios con universidades", dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia coa seguinte distribución: 18.000 euros no 2014 e 42.000 euros no 2015.

Docencia específica sobre o turismo de saúde

Con este acordo a Xunta de Galicia volve mostrar a súa aposta por impulsar un dos bens que posúe a comunidade como é o termalismo.

A Cátedra de Hidroloxía Médica da USC, a primeira en Galicia e a segunda existente en España, leva desde 2010 formando futuros médicos neste eido, algo máis dun centenar cada curso. Ademais das clases teóricas, os alumnos teñen a oportunidade de realizaren prácticas en balnearios, o que lles permite coñecer como os facultativos dos establecementos termais aplican diferentes técnicas para o tratamento de enfermidades e doenzas diversas.

A isto hai que engadir o mestrado que se imparte na Universidade de Vigo sobre Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde, que ofrece aos seus alumnos todas as ensinanzas necesarias sobre o aproveitamento turístico dos recursos termais.

O feito de contar cunha docencia específica sobre o turismo de saúde na comunidade incrementa non só a formación e a investigación no sector, senón tamén a súa competitividade e especialización.



A XUNTA PORÁ EN MARCHA EN 2015 UNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA PARA A XESTIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO DE VIAXEIROS Á QUE SE ADHERIUI O 40% DA FLOTA

- ***O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a licitación do proxecto mediante a modalidade de diálogo competitivo***
- ***Este procedemento permitirá deseñar un sistema á medida do sector, que está implicado en todas as súas fases, co soporte e a coordinación da Administración***
- ***A Xunta comprometeuse a implantar o sistema no transporte metropolitano, onde fará posible que os usuarios accedan directamente e en tempo real á información sobre horarios a través de múltiples soportes***
- ***O Sistema de Axuda á Explotación da Mobilidade é unha ferramenta que permitirá unha mellor xestión da flota e unha eficiente atención aos viaxeiros***
- ***A incorporación deste sistema é unha das obrigas establecidas no Plan de modernización da concesión de transporte público para toda a flota de transporte regular de persoas***

A Xunta porá en marcha no segundo semestre de 2015 unha plataforma tecnolóxica para a xestión do transporte público de viaxeiros por estrada que permitirá avanzar cara a un sistema de mobilidade máis limpo, seguro e eficiente a través da mellora na xestión e control da flota grazas á tecnoloxía. O novo sistema licitarase a través da modalidade de diálogo competitivo, segundo aprobou hoxe o Consello do Goberno galego.

Este procedemento permitirá deseñar un sistema á medida do sector, que poderá definir as súas necesidades, os seus retos presentes e futuros e a súa visión do negocio co soporte e a coordinación da Administración autonómica.

O sistema, denominado SAE, resulta especialmente atractivo para a prestación dos servizos nas áreas nas que estea implantado o transporte metropolitano, nas que a Xunta de Galicia se comprometeu cos concellos implicados a desenvolver unha tecnoloxía que lles permitise a actualización e a edición da información dos horarios dos servizos.

Co SAE non só se cumprirá este compromiso senón que, indo máis alá deste compromiso, poderá ser o propio usuario quen acceda directamente e en tempo real a da información actualizada sobre os servizos, a través de múltiples canles (móbil, internet, pda, pantallas de información,...). Deste xeito permitirase aos usuarios un coñecemento en tempo real dos horarios, e se lles facilitará a planificación das viaxes metropolitanas e as opcións de conexión.



O SAE da Mobilidade de Galicia licítase por un importe de 2.260.000 euros e suporá un investimento conxunto da Administración e as empresas do transporte de viaxeiros por estrada de 3.700.000 euros ata o 2019.

A incorporación deste sistema é unha das obrigas establecidas no Plan de modernización das concesión de transporte público para toda a flota de transporte regular de persoas que dá servizo anualmente a 25 millóns de usuarios, a través de máis de 1.000 autobuses.

Contratación global

O desenvolvemento do Sistema de Axuda á Explotación da Mobilidade estase a realizar nun marco de colaboración entre sector do transporte e Administración autonómica e ao que se adheriron 51 empresas, que disporán deste servizo sen necesidade de dotarse dun SAE local propio.

As empresas adheridas poderán concorrer a unha contratación global do servizo xunto coa Xunta de Galicia, o que garantirá tanto unha mellora no produto ofertado como no seu prezo para todos os participantes, que ademais, evitarán asumir a complexidade tecnolóxica da iniciativa. É a primeira ocasión na que a Xunta de Galicia utiliza este procedemento de contratación.

O custo por vehículo para a dotación do equipamento tecnolóxico e a súa conexión permanente co Centro Operativo da Mobilidade de Galicia será de menos de 70 euros ao mes para as empresas adheridas á iniciativa.

As vantaxes do SAE para o transporte

Esta ferramenta de xestión, que permitirá ás empresas concesionarias a localización e posicionamento, trasladará información en tempo real ao Centro Operativo da Mobilidade de Galicia. Ademais, o sistema posibilitará a comunicación bidireccional entre o bus e o centro de control, unha mellor vixilancia e seguimento dos vehículos, o control da calidade na conducción, así como a xestión de incidencias e optimización da explotación do servizo, xa que as empresas poderán planificar con base na información recollida sobre quilómetros percorridos, o desfase da ruta e do tempo establecido, o número de viaxeiros, os parámetros de funcionamento dos vehículos, etc.

Vantaxes para os cidadáns

A implantación do Sistema de Axuda á Explotación permitirá que calquera cidadán poida acceder, a través de ferramentas web e dispositivos móbiles, á información en tempo real sobre os autobuses que pasarán pola súa parada; con este sistema preténdese mellorar o servizo aos cidadáns.



Igualmente, ao facilitar un control automatizado do cumprimento da oferta de servizos, mellorará sensiblemente a fiabilidade dos propios servizos e, por tanto, a súa calidade. Ademais, o cidadán poderá planificar as súas viaxes en transporte público previamente ou, incluso, sobre a marcha, dispoñendo de ferramentas para a busca das mellores combinacións de viaxe.

O SAE resulta especialmente atractivo para a prestación dos servizos nas áreas de transporte metropolitano, nas que a Xunta de Galicia se comprometeu cos concellos integrantes de cada unha das áreas constituídas a desenvolver un sistema que lles permitise a actualización e edición da información dos horarios dos servizos.

Co SAE non só se cumprirá este compromiso senón que, indo máis alá deste compromiso, poderá ser o propio usuario quen acceda directamente e en tempo real a esta información, a través de múltiples canles (móbil, internet, pda, pantallas de información, etc). O SAE permitirá aos usuarios un coñecemento en tempo real dos horarios e lles facilitará a planificación das viaxes metropolitanas e as opcións de conexión.



MEDIO AMBIENTE ACHEGA MÁIS DE 210.000 EUROS PARA A EXECUCIÓN DA REDE SEPARATIVA NO SANEAMENTO DE SARDIÑEIRO, EN FISTERRA

- *Para solucionar as deficiencias existentes na rede de saneamento proxéctase a execución de 7 colectores cunha lonxitude total de 858,40 metros*
- *A Consellería de Medio Ambiente está a colaborar neste tipo obras en diversos concellos co fin de resolver carencias no funcionamento das infraestruturas*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financiera entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Fisterra para a execución da rede separativa no Sardiñeiro.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, destina un importe de 210.650 euros para a execución destas obras hidráulicas.

O núcleo de Sardiñeiro de Abaixo ten unha rede de saneamento separativa, pero os colectores atópanse moi deteriorados debido á súa antigüidade e presentan filtracións. Existen outras zonas nas que existe un saneamento unitario que está conectado á parte máis baixa do colector e en épocas de chuvias prodúcese unha achega inaceptable de augas limpas á rede, o que provoca o gasto excesivo de enerxía da EDAR.

Co fin de repoñer as deficiencias existentes na rede de saneamento proxéctase a execución de 7 colectores cunha lonxitude total de 858,40 metros. O colector 1 e 1.1, cunha lonxitude de 112,80 metros e 44,8 metros respectivamente, corresponden ao tramo que se executará no parque infantil do Sardiñeiro de Abaixo e propónse a restitución dos existentes por atoparse deteriorados.

O tramo correspondente ao colector 2 terá unha lonxitude de 205,47 metros e executarase na beirarrúa da AC-445, substituíndo o existente, que tamén se atopa moi deteriorado. Cos colectores 3 e 3.1 executarase unha rede separativa de augas fecais e pluviais. Proxéctase a execución de dous colectores que recollerán as augas fecais das edificacións e deixaranse os existentes como rede de pluviais. O colector 4 colocarase na marxe dun viero municipal e substituirá ao existente que se atopa en mal estado.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas colabora neste tipo de obras co fin de resolver carencias nas infraestruturas dos concellos galegos. Neste caso a Xunta dota este municipio das infraestruturas hidráulicas necesarias para o seu desenvolvemento económico e social.



A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DO MONUMENTO NATURAL DA PRAIA DAS CATEDRAIS

- ***O documento presentado hoxe no Consello é o punto de partida dun instrumento de planificación básico sobre o lugar, cunha normativa de usos e un programa de actuacións destinado a preservar os seus valores ambientais e paisaxísticos***
- ***O obxectivo da Xunta é garantir que se compatibiliza a protección do espazo protexido co seu uso público e desfrute por parte da poboación***
- ***O proxecto parte dun rigoroso diagnóstico da situación actual do monumento natural que permitiu avaliar a ameaza que a presión turística e as especies invasoras constitúen para o mantemento do equilibrio ecolóxico do espazo***
- ***Establécese a necesidade de regular os accesos durante a Semana Santa e o período estival cun límite de entre 2.000 e 5.000 visitantes diarios***
- ***A iniciativa abre o período de exposición pública e será publicada mañá na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas***
- ***O obxectivo do Goberno galego é que o Plan de conservación sexa aprobado definitivamente antes do verán de 2015***

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao documento de inicio do Plan de conservación do monumento natural da praia das Catedrais, que inicia desta maneira a súa tramitación. O documento validado hoxe é o punto de partida para a aprobación dun instrumento de planificación básico do lugar, cunha normativa de usos e un programa de actuacións destinado a preservar os seus valores ambientais e paisaxísticos.

A singularidade xeomorfolóxica e paisaxística da praia das Catedrais, así como a presenza de hábitats prioritarios, motivou a aprobación do Decreto 11/2005, do 20 de xaneiro, polo que se declaraba monumento natural. Co inicio da tramitación deste Plan de conservación, a Xunta de Galicia reafirma a súa intención de compatibilizar a protección dos espazos protexidos co seu uso público e desfrute por parte da poboación.

Por isto, xa no Consello da Xunta do pasado 10 de xullo, informouse sobre o Plan de actuación para abordar a situación pola que está a pasar este espazo natural e no que o executivo autonómico investirá 160.000 euros. Así, de maneira inmediata, leváronse a cabo accións de acondicionamento desta área e, pensando no medio e longo prazo, comezouse a preparar o Plan de conservación.



O documento preliminar do Plan de conservación da praia das Catedrais parte dun rigoroso diagnóstico da situación actual do espazo, tanto no ámbito ambiental como socioeconómico, e identifica os principais riscos e ameazas que afectan o ámbito. Ese estudo fixo posible avaliar con exactitude a ameaza que a presión turística e as especies invasoras constitúen para o mantemento do equilibrio ecolóxico do monumento natural.

Así mesmo, identifícanse unha serie de especies clave para a conservación do espazo, a matogueira costeira e a especie *Limonium dodartii*, identificada como "en perigo de extinción" no Catálogo galego de especies ameazadas.

Tendo en conta iso, e de acordo coa normativa comunitaria, estatal e autonómica, nomeadamente do Plan director da Rede Natura 2000, o Plan de conservación do monumento natural praia das Catedrais establece o réxime de usos permisibles no lugar, así como as limitacións necesarias para a conservación dos valores ambientais que motivaron a súa declaración como espazo protexido. Deste xeito, preténdese pór en valor a riqueza da área e preservala fronte aos riscos que comprometen a súa conservación.

Obxectivos do Plan

O propósito xeral do Plan de conservación do monumento natural da praia das Catedrais é o mantemento, ou restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos seus valores ambientais e paisaxísticos. Para a consecución desta meta xeral, o documento preliminar presentado hoxe no Consello prevé os seguintes obxectivos específicos:

- Avanzar no coñecemento dos valores que se deben protexer, así como dos riscos e ameazas para a conservación do ámbito.
- Garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e das especies de fauna e flora silvestres, ao tempo que se teñen en conta as esixencias económicas, sociais, culturais e rexionais do monumento natural e a súa contorna.
- Promover un uso público ordenado e compatible coa conservación dos valores ambientais que motivaron a declaración do monumento natural. Isto implica a regulación e control de acceso ao monumento natural, a mellora das infraestruturas e servizos existentes e o seguimento do nivel cumprimento da normativa de uso público.
- Promover a implicación social na conservación do monumento natural da praia das Catedrais e a divulgación dos valores naturais, xeolóxicos, culturais e paisaxísticos do espazo.



De acordo con estes obxectivos, o documento preliminar do Plan de conservación propón un programa de actuacións, entre as que destacan a promoción de liñas de investigación para a mellora do coñecemento e inventario de hábitats naturais e das especies de flora e fauna silvestre; un protocolo de seguimento e erradicación das especies invasoras; un programa de conservación da matogueira costeira; a mellora das infraestruturas e servizos existentes e o regulamento do acceso público.

Regulación do acceso público

Este último punto constitúe unha das grandes novidades deste plan, xa que se inclúe unha

proposta de regulación do acceso público ao monumento natural en períodos de máxima afluencia (Semana Santa e entre o 15 de xuño ao 15 de setembro), nos que será preciso dispor de autorización da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, quen habilitará o procedemento de tramitación por vía telemática. En función dos cálculos previos de capacidade de acollida do espazo, estímase que o límite máximo que se estableza no documento definitivo debe estar entre os 2.000 e os 5.000 visitantes diarios. Con esta medida preténdese, non só garantir a conservación do monumento natural, senón tamén evitar a estacionalidade da afluencia turística e mellorar as condicións de uso público no espazo.

Exposición pública para enriquecer o proxecto

Tras a presentación hoxe no Consello, a iniciativa abre o período de exposición pública e será publicada mañá na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. O Goberno galego agarda que este proceso conte cun alto grao de participación e deste xeito sexa posible incorporar ao proxecto achegas que contribúan a enriquecelo e melloralo.

O obxectivo da Xunta é que o Plan de conservación sexa aprobado definitivamente antes do verán de 2015.

A normativa establecida no plan cando este sexa aprobado definitivamente será vinculante, tanto para as administracións públicas como para os particulares, prevalecendo sobre o planeamento urbanístico e os instrumentos de ordenación territorial ou física. Ademais, o programa de actuacións deberá someterse a revisión cando se produza unha alteración das condicións ambientais que o motivaron ou, en todo caso, transcorridos 10 anos desde a súa aprobación definitiva.



A XUNTA DESEÑA A ESTRATEXIA DE INTERNACIONALIZACIÓN 2020 QUE PREVÉ INCREMENTAR AS EXPORTACIÓNS GALEGAS EN MÁIS DUN 25% ATA SUPERAR OS 23.000 MILLÓNS

- ***A Estratexia será consensuada nas próximas semanas cos diferentes axentes económicos de Galicia co obxectivo de consolidar o traballo realizado ata o de agora facendo dos mercados exteriores un motor de crecemento***
- ***O plan desenvolverase a través de 5 eixos de actuación: o fomento da cultura de internacionalización, o incremento da presenza en mercados internacionais, a atracción de investimentos, a consolidación da marca "Galicia Calidade", e a unidade de acción de axentes, pemes e entidades financeiras***
- ***A meta é que as exportacións galegas acaden o 40% do PIB no ano 2020***
- ***Con carácter pioneiro, desenvolveranse 10 plans sectoriais para impulsar a internacionalización en áreas estratéxicas da economía galega***

A internacionalización do tecido empresarial galego confórmase como un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica do Goberno galego de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento. Neste contexto, o Consello da Xunta coñeceu hoxe a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020, que prevé incrementar as exportacións galegas en máis dun 25% ata superar os 23.000 millóns de euros.

A través desta Estratexia, que será consensuada nas próximas semanas cos diferentes axentes económicos de Galicia, a Xunta aspira a consolidar o traballo realizado ata o de agora, en colaboración co tecido produtivo, en materia de internacionalización, facendo dos mercados exteriores un motor de crecemento. Un esforzo conxunto que contribuíu a que Galicia acadase en 2013 o seu récord histórico exportador, e que permite, no que vai de ano, sumar máis de 10.300 millóns en exportacións, preto dun punto porcentual máis que no mesmo exercicio do ano anterior.

Sobre esta base, o Goberno galego traballa co obxectivo de que as exportacións continúen medrando para consolidar o crecemento económico, incrementando a súa participación no PIB ata o 40% no ano 2020. Para isto, a Estratexia busca coordinar e facilitar a internacionalización do tecido empresarial, impulsando investimentos e creando emprego.

Así, coordinarase e facilitarase a internacionalización das empresas galegas a través de 5 eixos de actuación: o fomento da cultura de internacionalización, o incremento da presenza en mercados internacionais, a atracción de investimentos, a consolidación da marca "Galicia Calidade", e a unidade de acción de axentes, pemes e entidades financeiras.



En primeiro lugar, reforzarase a cultura da internacionalización nas pemes galegas, fomentando as análises estratéxicas e a súa formación, e concienciándoas sobre a importancia da procura de novos mercados. Neste apartado xogará un papel clave a activación dunha xanela única que establecerá un marco coordinado que facilite ao empresario servizos, recursos, formación e información para a súa saída ao exterior.

Deste xeito, sentaranse as bases para incrementar a presenza en novos mercados, segundo eixo de actuación, xerando coñecemento e identificando aqueles que presenten un maior potencial e mellores oportunidades. Neste contexto, prevése o desenvolvemento de 10 plans operativos sectoriais específicos para as áreas estratéxicas da economía galega.

En terceiro lugar, a Estratexia busca incrementar a atracción de investimentos estranxeiros en Galicia. Para isto facilitarase a mellora do entorno empresarial, identificando as necesidades dos diferentes sectores. Así, fomentaranse estratexias que favorezan os procesos de relocalización e de integración vertical, e apostarase polo impulso da diplomacia empresarial e institucional.

Neste contexto encádrase o cuarto eixo de actuación, a consolidación da marca "Galicia Calidade" como termo que simboliza unha forma distinta e galega de facer as cousas baseada na calidade, o compromiso e o esforzo das empresas por ofrecer os mellores produtos e servizos, e a confianza que estes outorgan.

Todas estas actuacións desenvolveranse desde a unidade de acción dos axentes, as pemes e as entidades financeiras, coordinando e reforzando os instrumentos de apoio á internacionalización que a Xunta de Galicia pon á disposición do tecido empresarial galego.



O SERGAS DESTINARÁ AO REDOR DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DA VALENZÁ

- ***A súa superficie total será de aproximadamente 2.000 m²***
- ***O seu prazo previsto de execución é de 12 meses***

O Servizo Galego de Saúde destinará ao redor de 3,5 millóns de euros á execución da obra de construción do centro de saúde da Valenzá (Barbadás), nunha parcela cedida polo concello e que ten unha superficie de aproximadamente 2.000 m².

Esta obra enmárcase no Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 e o seu prazo previsto de execución é de 12 meses.

O centro de saúde contará cunha área de medicina con 5 consultas de medicina xeral, 2 consultas de pediatría, 7 consultas de enfermaría, consulta de matronas, sala de educación para a saúde, odontoloxía/hixienista, sala de técnicas, sala polivalente, toma de mostras, consulta de atención de urxencias e sala da muller.

Ademais, disporá dos servizos de apoio e administrativos necesarios para o funcionamento do centro.

Este novo centro da rede sanitaria pública galega, que atenderá unha poboación de 8.424 persoas, suporá que tanto os profesionais como os usuarios dispoñan dunha infraestrutura moderna e adaptada ás súas necesidades, dando unha mellor resposta ás necesidades de saúde presentes e futuras dos veciños deste concello.

Ademais, este proxecto enmárcase dentro da Estratexia Sergas 2014, de modernización das infraestruturas sanitarias e da rede de atención primaria co obxectivo de mellorar a asistencia prestada aos cidadáns así como o contorno de traballo dos profesionais.



186 FARMACIAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA COLABORAN CO SERGAS NA IMPLANTACIÓN DUN PROGRAMA PILOTO DE CRIBADO DE DIABETE

- ***En Galicia, a diabete ocupa o sexto lugar como causa de mortalidade e a cuarta como causa de morbilidade crónica en Atención Primaria, polo que está incluída dentro das oito patoloxías destacadas no Plan de prioridades sanitarias 2014-2016***

O Servizo Galego de Saúde e o Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra colaboran contra a diabete mediante a implantación dun programa piloto para a detección de persoas en risco de padecer esta patoloxía ou alteracións do metabolismo dos hidratos de carbono. Esta iniciativa, que se desenvolve por primeira vez en España, estase a realizar desde o pasado día 19 deste mes en 186 oficinas de farmacia da provincia de Pontevedra.

En Galicia, a diabete ocupa o sexto lugar como causa de mortalidade e a cuarta como causa de morbilidade crónica en Atención Primaria, polo que está incluída dentro das oito patoloxías destacadas no Plan de prioridades sanitarias 2014-2016.

O programa vai facilitar, mediante unha abordaxe colaborativa e multidisciplinar, a detección da diabete de forma precoz, reducindo así a gravidade desta patoloxía – ademais das futuras complicacións e ingresos hospitalarios asociados a ela-, e permitirá á vez promover estilos de vida saudables que modifiquen o estado de risco alto ou retrasen a aparición da enfermidade.

Para isto, propónse ás persoas maiores de 18 anos que acudan ás oficinas de farmacia a realización dun Test de Findrisk, cuestionario validado internacionalmente que consta de oito preguntas con puntuacións predeterminadas nas que se estima a probabilidade de desenvolver diabete tipo 2 nos próximos dez anos.

No caso de que a puntuación indique risco alto, realízase na propia farmacia unha glicemia basal capilar, é dicir, unha análise que se fai pinchando un dos dedos e extraendo del unha pinga de sangue. Se os resultados desta análise confirman os do test, derívase a persoa ao seu centro de saúde onde se realiza a confirmación diagnóstica, se pauta tratamento, se procede, e se continúa coa actuación sanitaria axeitada a cada paciente. Ademais, a iniciativa inclúe tamén un programa educativo para os cidadáns que, sen precisar ser derivados ao centro de saúde, amosen un risco elevado de desenvolver a enfermidade.

Está previsto que o programa piloto se desenvolva durante dous meses e, posteriormente, realizárase unha avaliación segundo os resultados e estudarase a súa extensión ao resto da comunidade autónoma.



Esta iniciativa conta co aval científico da Sociedade Galega de Endocrinoloxía e Nutrición, a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (Agamfec) e a Sociedade Española de Medicina de Atención Primaria (Semergen).

En España calcúlase que polo menos o 30% da poboación sofre algún tipo de alteración do metabolismo dos hidratos de carbono e a prevalencia global da diabete é do 13,8%. Destes doentes, aproximadamente a metade descoñecen que teñen esta patoloxía.

